

Perda e ausencia

Isaac Lourido

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

LOURIDO, ISAAC (2011 [2005]). “Perda e ausencia”. *Vieiros: Cartafol de libros*.
<<http://vello.vieiros.com/murguia/nova.php?Ed=38&id=42128>>. Reedi-
ción en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/27>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

LOURIDO, ISAAC (2005). “Perda e ausencia”. *Vieiros: Cartafol de libros*.
<<http://vello.vieiros.com/murguia/nova.php?Ed=38&id=42128>>. Con-
sulta: dd/mm/aa.

* Edición en pdf en *poesiagalega.org* dispoñíbel desde o 25 de xaneiro de 2011 a partir do URL indicado. Consulta: 03/01/2011.

PERDA E AUSENCIA

[RECENSIÓN DO LIBRO DE MIRIAM SÁNCHEZ MOREIRAS
CONTRA ROCHESTER, 2004]

Isaac Lourido

Contra Rochester é o primeiro paso público de Miriam Sánchez Moreiras no eido da poesía. O lector atopará nel, cando menos, unha proposta dispositiva infrecuente: dous poemarios que discurren paralelamente, acompañándose, respostándose. Na parte superior da páxina, os versos acollidos baixo o nome propiamente de “Contra Rochester” supoñen un tratado da dor e da perda asociada á paixón amorosa, prendendo en numerosas pólas intertextuais que convén, cando menos, citar: o manco, cego e vello Rochester, personaxe da *Jane Eyre* de Charlotte Brontë, denúnciase coma partícipe da amputación e da pretendida submisión da protagonista adolescente, perspectiva desde a que se sitúa a autora; o “egocidio”, cometido “no nome de Alain Badiou”, oscila entre a obsesión por varrer os anacos da desfeita provocada pola insistencia e a crenza na dimensión de infinidade que o filósofo adxudica á experiencia amorosa; o suxeito lírico identifícase recurrentemente tamén co personaxe mitolóxico de Hermione, apartada de dirixir o seu propio destino, símbolo da insatisfacción (pero tamén da vinganza); alúdese finalmente, se ben con máis distancia, e até con humor, á ausencia de Ulises “no frío leito / arrodeada de olivas”.

Se esta parte se artella en torno a unha voz que alterna entre a indefensión (preséntase a miúdo como “nena”), o sufrimento (picaduras, fendas, un “oco” omnipresente) e, con todo, certa fortaleza, a segunda aparece como unha nota a pé de páxina titulada “Breve tratado sobre a gravidade”. Partindo dunha dor inicial, pódense ler estes versos como unha mudanza cara ao dominio da gravidade, asociado á beleza, á harmonía, nun proceso simultáneo de construción e xogo...de ascenso e *suspensión* desde un estado decadente. Constatase un baleiro por encher, misión que se consagra nun camiño de cambio e de pescuda do pracer.

Contra Rochester lese, entón, como unha exploración da perda e da ausencia provocadas por unha paixón amorosa que non se pode exercer en liberdade. A voz, inequivocamente feminina, fala desde a ansia de dominar a propia sexualidade e oscila entre a dor e a superación. Miriam Sánchez constrúe, nesta primeira entrega, un universo poético coherente e de fermosas resonancias mítico-literarias. Escrito o libro a modo de breves poemas que se respostan e se reformulan, técese un retrato da interioridade. Na poética da autora entra en xogo, sen dúbida, a capacidade evocadora do silencio, que agroma no verso curto, un indicio ás veces, no discurso fragmentado e na intención de suxerir. Precisamente por iso, cando a aparición da palabra se fai patente, preténdese que agrome unha intensidade poética que a poeta non sempre consegue. Con versos e imaxes de certo calado e beleza conviven outros menos conseguidos, nun exercicio irregular que sobrevive en conxunto. Sigamos atentos a pista de Miriam Sánchez polo tanto, vexamos ónde prenda a próxima póla da oliveira.